

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro (4) anos, contados a partir da data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e



Formación Profesional e a Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade o impulso de contornas escolares seguras, inclusivas e respectuosas na que o acoso e o ciberacoso escolar escolar no teñan cabida. O seu coa mellora continua do clima de convivencia nos centros educativos vén sendo unha máxima da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nos últimos anos.

Neste contexto, a Estratexia galega de convivencia escolar 2025 e o Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar recollen unha planificación xeral a seguir con iniciativas destinadas a fomentar unha convivencia de calidade e sen conflitos.

Que a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, afirma que a educación debe fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo fundamental de lograr a necesaria cohesión social.

Que a Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (LOPVI), que no capítulo IV, desenvolve diversas medidas de prevención e detección precoz da violencia nos centros educativos



que se consideran imprescindibles ao ter en conta que se trata dunha contorna de socialización central na vida das nenas, nenos e adolescentes.

Que Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar define a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

Que a Fiscalía en Galicia considera o acoso escolar un interese prioritario de actuación. Segundo consta na Memoria da Fiscalía do exercicio 2024, publicada en 2025, a Fiscalía territorial actúa como garante da protección legal dos menores afectados, reforzando a prevención fronte ao acoso escolar, especialmente en situacións de ciberacoso onde a incidencia tecnolóxica é particularmente relevante.

En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos para a coordinación de actuacións no desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

